

Guitiriz

BOLETÍN INFORMATIVO • MAIO 2026

ACORDO PARA MELLORAR O SISTEMA DE SANEAMENTO

A sinatura do convenio coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil permitirá investir 2,5 millóns de euros en mellorar o saneamento municipal.

PÁXINA 3

ACTUACIÓNS TRAS ACORDOS ENTRE INSTITUCIÓN

Realizáronse distintas actuacións en diversas parroquias do Concello grazas á colaboración coas institucións autonómicas e provinciais.

PÁXINA 5

Guitiriz amplía a oferta deportiva e aposta pola eficiencia enerxética

O Concello de Guitiriz avanza na modernización dos servizos municipais cunha aposta pola eficiencia enerxética e a mellora das infraestruturas públicas. En 2025 asinou un contrato de xestión inte-

gral dos servizos enerxéticos coa empresa Alisea Esco SA por 20 anos e un investimento de arredor de 7,5 millóns de euros, que garante estabilidade na factura eléctrica e inclúe a xestión e mante-

mento das instalacións municipais. O acordo incorpora un plan de melloras anuais orientado á redución do consumo e á sostibilidade. Destaca a renovación da rede de iluminación pública con tec-

noloxía LED, que modernizou máis do 60 % dos puntos de luz e mellorou a eficiencia enerxética.

No ámbito deportivo, o Concello reforza a súa oferta coa apertura en 2026 do

novo ximnasio municipal na nave do SENPA, un espazo moderno, accesible e equipado.

PÁXINA 2



O concerto de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre foi un dos grandes reclamos

A Festa da Torta de Millo repite éxito un ano máis e afiánzase na provincia

Guitiriz celebrou a VIII Festa da Torta de Millo cunha grande afluencia de público, reivindicando este doce tradicional como símbolo de identidade. A xornada estivo marcada polas ac-

tuacións de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre e A Banda da Loba, nun ambiente festivo que consolida a cita como referente cultural na provincia. Durante o día, o Campo da

Feira contou con postos de artesanía, xogos tradicionais e múltiples actividades.

PÁXINA 16

Concello e veciñanza da man nas protestas



Os veciños saíron ás rúas polos reiterados peches en Parga

O peche do Consultorio de Saúde de Parga en distintos momentos do ano, tanto no verán como en decembro, provocou a reacción conxunta da corporación municipal e da veciñanza.

Así mesmo, o peche da em-

presa Tivaygasa e o mal estado dun tramo da estrada de Parga centraron tamén as protestas impulsadas polo goberno local, reclamando solucións.

PÁXINA 9

Guitiriz garante unha tarifa eléctrica estable cun contrato de 20 anos

O novo contrato reducirá o consumo enerxético no municipio

O Concello de Guitiriz asinou en 2025 un contrato de xestión integral dos servizos enerxéticos coa empresa Alisea Esco SA por un período de 20 anos e cun importe total de preto de 7,5 millóns de euros. Este acordo supón un paso estratéxico na planificación a longo prazo da política enerxética municipal, xa que permitirá manter unha tarifa eléctrica estable ao longo do tempo e protexer o Concello fronte ás posibles variacións e incrementos do prezo da luz no mercado. Ademais, inclúe a subministración, mantemento e reparación das instalacións, así

como a xestión enerxética integral dos edificios e servizos municipais, garantindo así un funcionamento máis eficiente e sostible do conxunto das infraestruturas públicas.

O contrato tamén contempla a realización de melloras anuais pactadas co goberno local, co obxectivo de continuar avanzando na modernización das instalacións municipais e na redución do consumo enerxético. No primeiro ano apostouse decididamente pola eficiencia enerxética coa renovación da iluminación pública, substituíndo luminarias antigas por tecnoloxía LED, máis eficiente e respectuosa co medio ambiente. O investimento superou os 669.000 euros e permitiu modernizar máis

do 60 % dos 2.880 puntos de luz existentes, instalando un total de 1.780 novas luminarias repartidas por todas as parroquias do municipio, mellorando tanto a cobertura como a uniformidade da iluminación.

Esta actuación reduciu nun 56 % a potencia instalada, pasando de 158 a 69 quilovatios, o que supón un importante aforro enerxético e económico para as arcas municipais.

Ademais, esta mellora tradúcese tamén nunha maior calidade da iluminación pública, incrementando a seguridade viaria e peonil, así como o confort visual da veciñanza. A tecnoloxía LED permite tamén unha maior durabilidade das luminarias e unha redución significativa

das tarefas de mantemento a medio e longo prazo.

Ademais da renovación da rede de iluminación pública municipal, durante o 2025 tamén se levou a cabo a mellora da iluminación do campo de fútbol Suso Cruz. Esta actuación contou cun orzamento de 38.000 euros e permitiu actualizar o sistema de iluminación da instalación deportiva, adaptándoo ás necesidades actuais e mellorando notablemente tanto a visibilidade para a práctica deportiva como a eficiencia enerxética do conxunto do sistema. Esta intervención beneficia tanto os equipos locais como as persoas usuarias das instalacións, favorecendo un uso máis seguro e cómodo do espazo.

Ao mesmo tempo, a empresa Alisea Esco continúa avanzando na implantación dun sistema de telexestión da iluminación pública. Este sistema, que xa se atopa nun estado moi avanzado de desenvolvemento, permitirá controlar e supervisar o fun-

cionamiento das luminarias de forma remota e en tempo real, facilitando a detección rápida de posibles avarías e incidencias. Isto permitirá axilizar as tarefas de mantemento e reparación, optimizar os recursos técnicos e humanos e reducir os tempos de resposta ante calquera problema que poida xurdir.

Dentro do acordo tamén se contemplan outras actuacións que se desenvolverán proximamente, entre elas a mellora da eficiencia dos sistemas de calefacción dos distintos edificios municipais. Estas intervencións terán como obxectivo reducir o consumo enerxético, mellorar o rendemento das instalacións térmicas e optimizar o gasto público, contribuíndo así a unha xestión máis sostible e responsable dos recursos municipais. En conxunto, todas estas medidas sitúan a Guitiriz nun camiño claro cara á transición enerxética, apostando por un modelo máis eficiente, innovador e respectuoso.

No 2025 o Pleno aprobou a proposta do Goberno local para a modificación

As melloras no Suso Cruz e o próximo servizo de telexestión completan a actuación

O ximnasio da nave do SENPA amplía a oferta deportiva municipal


O Concello ampliou neste 2026 a súa oferta deportiva coa apertura do novo ximnasio municipal, unha infraestrutura moi agardada que supón un importante avance na promoción de hábitos de vida saudables entre a veciñanza.

As instalacións abriron as súas portas no mes de marzo e están situadas na nave do SENPA, xusto ao carón das actuais pistas de pádel, consolidando esta área como un gran complexo deportivo moderno, accesible e multifuncional ao servizo da cidadanía.

Co obxectivo de dar a coñecer o novo espazo e facilitar

que o maior número posible de persoas poidan probalo, o Concello estableceu que o uso do ximnasio sexa totalmente gratuito durante os dous primeiros meses desde a súa apertura. Esta medida busca fomentar a participación, atraer novos usuarios e promover a práctica deportiva regular. Unha vez rematado este período inicial, e tras a aprobación do regulamento correspondente, fixarase o prezo público definitivo, que estará adaptado ao carácter municipal do servizo e pensado para ser accesible.

O sistema de acceso ao ximnasio foi deseñado para



O ximnasio municipal conta cun equipamento variado e moderno

ser cómodo, moderno e eficiente. Trátase dun sistema dixital e moi intuitivo que permite organizar o uso das instalacións de maneira ordenada e sen aglomeracións.

FUNCIONAMENTO

Para facer uso da maquinaria, os usuarios deben reservar previamente a súa praza a través da aplicación móbil Reservaplay, unha

ferramenta que xa se está a empregar con éxito na xestión das pistas de pádel municipais. Ademais, a aplicación tamén incorporou a posibilidade de reservar espazos para xogar ao tenis de mesa na propia nave do SENPA, ampliando así as opcións deportivas dispoñibles nun mesmo lugar. O novo ximnasio conta cun equipamento variado e de

calidade, adaptado tanto a principiantes como a usuarios avanzados.

Organízase en áreas de cardio, musculación e peso libre, permitindo realizar adestramentos completos e traballar diferentes capacidades físicas de forma segura e eficaz, contando para iso cunha gran variedade de máquinas de última xeración.



Sinatura do acordo entre a alcaldesa e o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Un investimento de 2,5 millóns de euros para mellorar o sistema de saneamento

O acordo coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil permite unha actuación prioritaria no municipio

O Concello de Guitiriz conta cun investimento de 2,5 millóns de euros para mellorar o seu sistema de saneamento, grazas a un convenio asinado no pasado 2025 entre a alcaldesa, Marisol Morandeira, e José Antonio Quiroga,

presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS).

O obxectivo principal é mellorar a eficiencia global do sistema de saneamento actual, reducir as infiltracións e garantir un funcionamento

máis axeitado da EDAR, o que redundará nunha mellora significativa da calidade das augas e na protección dos ecosistemas fluviais da contorna.

Esta actuación, moi importante para Guitiriz, estará

financiada nun 95 % pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, mentres que o Concello achegará o 5 % restante.

Deste xeito, porase en marcha un modelo de xestión da auga máis sostible e eficiente.

Ampliada a traída de auga ata Belote e Perexil

O Concello continúa a reforzar a súa aposta pola mellora dos servizos básicos coa ampliación da rede municipal de abastecemento de auga nos núcleos próximos ao núcleo urbano, unha actuación clave para garantir a calidade de vida da veciñanza e asegurar un acceso máis eficiente a este recurso esencial.

Neste sentido, e no marco do Fondo de Compensación Ambiental 2025, leváronse a cabo as obras de ampliación da traída de auga nas zonas de Belote e Perexil, cun investimento total de 26.800 euros.

Esta intervención permitiu mellorar a cobertura do servizo nestes núcleos,

incrementando a capacidade da rede e garantindo unha subministración máis estable e segura para as vivendas da contorna.

Estas actuacións dan continuidade aos traballos desenvolvidos no ano 2024, cando o Concello executou unha intervención similar no barrio de Anside cun investimento total de 24.139,50 euros, co obxectivo de seguir ampliando e modernizando progresivamente a rede municipal.

Estas melloras responden a unha planificación a medio e longo prazo por parte do goberno de Guitiriz, orientada a que todos os núcleos do muni-



cipio contén cun sistema de abastecemento de auga moderno, eficiente e adaptado ás necesidades actuais.

Ademais, este tipo de investimentos contribúen tamén a unha xestión máis sostible dos recursos hídricos, un dos grandes compromisos do grupo de goberno municipal.



Varias imaxes das actuacións en Belote e Perexil

O Concello actuou en numerosas estradas do rural co orzamento do Plan Deputación

Tamén finalizaron os traballos de reparación do acceso a Ixavara en Santa Cruz

O Concello rematou diferentes actuacións incluídas dentro do Plan Deputación. Os traballos consistiron no acondicionamento de accesos e vías en varios puntos, contando cun orzamento total de 87.763,04 euros.

En concreto, realizouse o acondicionamento dos accesos a Samesode (San Salvador) e á rúa San Xosé (Parga), cun investimento de 30.832,49 euros; o acondicionamento do acceso en Os Candedos (As Negradas), cun orzamento de 13.859,29 euros; e o acondicionamento da vía de Fontecribo a Rego Pequeno e os accesos a Abeleira e San Cibrao, cun investimento de 43.071,26 euros. Estas intervencións permitiron

mellorar o estado do firme e a seguridade viaria, ademais de facilitar o acceso ás distintas zonas rurais do concello.

Ademais destas actuacións, xa rematadas, dentro do Plan Deputación o Concello contempla intervencións en distintas fases de execución.

Entre elas, atópase a renovación do vestiario da nave municipal do Parque Empresarial, unha obra que conta cun investimento de 36.101,85 euros. Por outra banda, tamén está o acondicionamento da finca e da zona de lavado de camiións no Parque Empresarial, cun orzamento de 93.891,68 euros. Ao acondicionamento da vía de Embande a Revolta, na parroquia de Pígara, correspóndelle 83.497,95 euros.

Ademais, continuouse traballando na renovación da súa rede viaria co Plan de Mellora de Camiños.

Na parroquia de Santa Cruz, traballouse na estrada de acceso a Ixavara. A obra, que se levou a cabo coa segunda fase contou cun orzamento de 94.305,88 euros.

Outras seis intervencións están en marcha. No Parque Empresarial realizarase a adecuación da finca propiedade do Concello, con zona de lavado e aparcadoiro, e a renovación dos vestiarios da nave municipal.

Outra actuación contempla traballos no acceso a Samesode, na parroquia de San Salvador, o afirmado da rúa San Xosé en Parga e os accesos de Os Candedos e Tarroeiros nas Negradas.

Engádense nas parroquias dos Vilares e Buriz o acondicionamento da vía de A Fontecribo a Rego Pequeno e nos accesos a A Abeleira e San Cibrao. E, por último, na parroquia de Pígara realizarase o acondicionamento da vía de Embande a Revolta.



Dúas actuacións realizadas en estradas do rural co Plan Deputación

O Plan Camiña Rural permitiu traballar en vías de Santa Leocadia

O Concello de Guitiriz rematou diversas actuacións de mellora viaria na parroquia de Santa Leocadia. En concreto, levouse a cabo a renovación de dous quilómetros da estrada que comunica os núcleos de Carballedo, Aldar e Cabana, aplicando un novo aglomerado que permite optimizar o tránsito e garantir un acceso máis seguro.

Estas intervencións están incluídas no Plan Camiña Rural e contaron cun investimento de 108.887,02 euros. Deste xeito, o Concello continúa executando actuacións coa finalidade de reforzar a rede de accesos ás parroquias.



Os traballos en Santa Leocadia leváronse a cabo nos núcleos de Carballedo, Aldar e Cabana

En marcha as obras para acondicionar a zona verde do Campo da Feira

O Concello de Guitiriz comezou os traballos para crear unha nova zona verde de ocio dirixida aos máis pequenos no Campo da Feira, un proxecto que conta cun orzamento de 39.730 euros.

Para a execución desta actuación foi necesario cortar dous cipreses e un piñeiro, así como retirar varios arbustos. O proxecto consiste na retirada do pavimento actual e a súa substitución por un espazo verde acondicionado, pensado para o

xogo e o desfrute da infancia.

Esta intervención enmárcase dentro dun convenio de colaboración coa Deputación de Lugo e corresponde á primeira fase dun proxecto máis amplo que busca ampliar o espazo de lecer infantil do Campo da Feira.

Nunha segunda fase, o Concello prevé acometer a ampliación da área dedicada a parque infantil, completando así a mellora da contorna.



Plano da zona verde para lecer infantil do Campo da Feira

A Deputación inviste máis de 250.000 euros en infraestruturas

Firmou co Concello un convenio para executar varias actuacións

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, e anterior presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, asinaron un convenio de colaboración que permite executar varias actuacións en distintas parroquias e instalacións municipais do Concello de Guitiriz, cun investimento total de 264.332 euros, dos cales a institución provincial achega 250.000 euros.

A rexedora destacou que este acordo "é unha oportunidade fundamental para avanzar na mellora das infraestruturas e servizos que empregan a diario os nosos veciños e veciñas, atendendo tanto ás necesidades do rural como da vila".

Segundo detallaron os

responsables municipais, as actuacións chegarán a 10 das 18 parroquias do municipio, o que supón unha importante cobertura territorial.

Un dos eixes centrais do convenio céntrase na mellora de accesos e camiños nas parroquias, cun investimento global de máis de 100.000 euros.

Entre as obras previstas figuran os arranxos nos camiños dos Ares e Revolta (Os Vilares), A Locencia e o acceso da LU-170 a Mirón de Abaixo (San Salvador), Recimil (Becín), Brañicas a Pena do Leito (Santa Mariña), Ameixeiras (Santa María), A Pena Redonda (O Vilar) e A Castiñeira (Pígara).

Ademais, o convenio inclúe accións orientadas á conservación e mellora das infraestruturas municipais. Entre elas, a adquisición de sinalización vertical, maquinaria para o mantemento de


espazos verdes (como un cortacésped e un cortasetos) e material específico para a conservación viaria, cun investimento próximo aos 40.000 euros. Tamén se destinan outros 40.000 euros ao mantemento e axardinamento da praza do Campo da Feira, situada no centro da vila.

Así mesmo, o acordo permite realizar melloras en instalacións clave para a vida municipal, como a modernización dos sistemas de bombeo da EDAR. Ademais, invístense máis de 30.000 euros na reparación de varias cubertas, como a da escola de Pardiñas ou a das bancadas do campo de fútbol Suso Cruz.

Logo da sinatura do convenio coa institución provincial, a alcaldesa Marisol Morandeira subliñou que estas actuacións "son un paso máis na aposta do Concello por fixar poboación, mellorar a calidade de vida e dotar de servizos dignos o noso rural e a nosa vila".

40.000 euros irán para a compra de material e maquinaria para o mantemento de vías

Invístense máis de 30.000 euros na reparación de varias cubertas



Aplicación de vídeo para seguir os plenos en liña

O Concello de Guitiriz asinou un convenio coa Deputación de Lugo para a Transformación Dixital e a Modernización das Administracións polo que se implantou un sistema de gravación dos plenos e das vídeo actas.

Deste xeito, os plenos retransmítense en directo desde a páxina web, onde quedan subidos.

Todos os plenos están na mediateca, na canle de 'Plenos'.

Deste xeito, pódense consultar en calquera momento, estando dispoñibles para a veciñanza dunha maneira sinxela e práctica.

Completada a primeira fase da renovación dos sinais do municipio

O Concello de Guitiriz completou a primeira fase dun ambicioso proxecto de renovación integral dos sinais indicativos do municipio, coa substitución de 63 sinais situados en distintos puntos do termo municipal. Esta intervención responde á necesidade de actualizar a sinalización viaria que, polo paso do tempo, presentaba un notable deterioro, e marca o inicio dunha actuación máis ampla que buscará modernizar e mellorar todas as sinais existentes en Guitiriz.

O proxecto contou cun investimento de 7.420,20 euros e centrouse en sinais que orientan tanto á veciñanza como ás persoas visitantes, garantindo unha circulación máis segura e unha maior claridade na información. Ademais da seguridade viaria, a renovación busca mellorar a imaxe do municipio e facilitar o acceso a diferentes servizos e puntos de interese. A actuación permitiu tamén substituír sinais con danos ou descoordi-

nacións, garantindo unha uniformidade visual en toda a sinalización.

PRÓXIMA INSTALACIÓN

Esta primeira fase non supón a conclusión do proxecto. O Concello ten previsto continuar coa renovación progresiva de todos os sinais durante este ano 2026, de modo que, de maneira gradual, se cubra a totalidade do territorio municipal. O obxectivo final é que Guitiriz dispoña dunha rede de sinais moderna, clara e funcional, que favoreza tanto a mobilidade da veciñanza como a experiencia das persoas que visitan o municipio.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que “esta actuación supón un paso importante para facer de Guitiriz un municipio máis accesible, seguro e ordenado”, e recordou que a renovación das sinais era unha demanda antiga que se está a cubrir de maneira progresiva. A rexedora subliñou tamén que este proxecto permitirá mellorar a imaxe urbana.

Durante o pasado ano 2025 substituíronse ata 63 sinais



Con 7.420,20 euros de orzamento, concluíuse a primeira fase do proxecto de renovación integral dos sinais indicativos en Guitiriz, coa substitución de 63 sinais distribuídos por distintos puntos do termo municipal. A actuación será continuada durante o ano 2026, con plans para renovar progresivamente todos os sinais do concello, asegurando unha rede de sinalización moderna, funcional e ben ordenada.



A Ruta da Auga é un dos itinerarios de sendeirismo máis importantes de Guitiriz

A Ruta da Auga estrea cinco pontes renovadas

O proxecto contou cun orzamento de preto de 37.000 euros

A Ruta da Auga, un dos itinerarios máis emblemáticos e visitados de Guitiriz, foi obxecto dunha ambiciosa renovación de infraestruturas coa rehabilitación de cinco pontes ao longo do seu percorrido, que se estende por uns 20 quilómetros entre zonas naturais e núcleos rurais. Este proxecto busca non só mellorar a seguridade dos sendeiristas, senón tamén potenciar a conservación do patrimonio natural e paisaxístico do municipio.

A actuación contou cun orzamento total de 36.790,05 euros, dos cales 31.133,50 euros foron financiados mediante unha subvención do programa Galicia Refuxio Climático 2025, iniciativa que apoia proxectos de adaptación ao cambio climático e mellora da resiliencia das infraestruturas. As obras centráronse nas pontes máis grandes e nas que se atopaban en peor estado, despois dunha

revisión exhaustiva de todo o trazado, co obxectivo de garantir un percorrido seguro para todas as persoas, incluíndo familias, sendeiristas e visitantes que frecuentan a ruta durante todo o ano.

En concreto, dúas das pontes renovadas localízanse no tramo que vai desde Ponte Veiga ata a rúa Río Forxá, outras dúas atópanse entre a depuradora e as inmediacións da vía do tren, e a última sitúase no tramo que une San Alberte coa Fonte de Valdobín de Parga. Cada actuación incluíu a revisión das vigas e pasarelas, reforzo estrutural, e o tratamento de superficies para evitar o deterioro provocado pola humidade e o paso do tempo.

Esta intervención responde á preocupación pola seguridade e á aposta pola valorización do patrimonio natural. A Ruta da Auga é un camiño histórico que combina paisaxes fluviais, zonas de bosque autóctono e pequenos núcleos rurais, e é especialmente apreciada polos visitantes pola súa beleza e tranquilidade. A renovación das pontes permitirá percorrer o itinerario sen risco e contribuirá á

súa promoción como destino turístico sostible.

Ademais da mellora das pontes, o proxecto inclúe medidas preventivas para prolongar a vida útil das infraestruturas e minimizar a necesidade de intervencións futuras, consolidando a Ruta da Auga como un espazo seguro e accesible durante todas as estacións do ano. Estas obras forman parte dun plan máis amplo de conservación e potenciación dos recursos naturais de Guitiriz, que inclúe a sinalización de tramos, limpeza de sendeiros e programas de sensibilización ambiental para veciños e visitantes.

De forma complementaria, a intervención incorpora criterios de sostibilidade ambiental, como o uso de materiais resistentes á humidade e de baixo impacto, e a planificación de mantemento que reduce a alteración dos ecosistemas.

Desta maneira, a Ruta da Auga non só garante a seguridade e accesibilidade, senón que tamén se consolida como un modelo de xestión responsable do patrimonio natural, favorecendo a preservación da flora e fauna autóctona e minimizando o impacto humano no medio ambiente.

Dúas pontes van de Ponte Veiga á rúa Río Forxá, dúas á depuradora e a última a San Alberte



Fronte á demagogia, traballo, servizos públicos e transparencia

Dende o PSOE de Guitiriz queremos poñer en valor unha forma de gobernar baseada nos feitos, na responsabilidade e, sobre todo, no compromiso coa veciñanza. Fronte ao ruído, ás críticas fáciles e á demagogia, cremos nun Concello que traballa para mellorar a vida das persoas, especialmente das que máis o precisan.

Para nós, a política municipal debe ter un marcado

carácter social. Iso tradúcese en reforzar os servizos públicos, en garantir unha atención digna ás persoas maiores, en apoiar as familias e en non deixar a ninguén atrás. O Servizo de Axuda no Fogar, as políticas de igualdade, a atención social ou o acceso a servizos básicos non poden ser unha moeda de cambio nin un argumento partidista: deben ser unha prioridade

constante.

Defendemos tamén unha xestión responsable dos recursos públicos, con transparencia e rendición de contas. A veciñanza ten dereito a saber en que se invisten os seus cartos e por que se toman determinadas decisións. Gobernar non é só executar, é tamén explicar, escoitar e mellorar coa participación de todos e todas.

Guitiriz é un concello

diverso, con parroquias e realidades distintas, e por iso é fundamental mirar máis polo conxunto da veciñanza, atendendo tanto ao rural como ao núcleo urbano, apostando por servizos de calidade, infraestruturas dignas e oportunidades para a xente nova sen esquecer as persoas maiores.

Cremos nunha política útil, afastada da confrontación estéril, que poña no centro as persoas e non os intereses partidistas. Porque gobernar é servir, e servir é escoitar, actuar e cumprir.

Ao mesmo tempo, somos conscientes de que quedan retos importantes por diante: mellorar as infraestruturas básicas, avanzar na cohesión territorial e seguir fortalecendo os servizos municipais. Estes desafíos non se solucionan con mensaxes simplistas nin con promesas baleiras, senón con planificación, diálogo e traballo constante.

Por iso, dende o PSOE apostamos por seguir construíndo un Guitiriz máis xusto, máis igualitario e con máis oportunidades para todas e todos.



Propostas do PP de Guitiriz

Nun Concello coma o noso, que ten tanta xente maior, nós suprimiríamos os gastos inútiles en propaganda, gabinete de prensa e asesor da Alcaldesa e teríamos xa 100.000 € para poder dar máis horas de SAF.

Recortaríamos os gastos en festas, exemplo (Torta do Millo 40 mil €) e ter máis cartos para tapar fochancas, poñer a fibra óptica, e poñeríamos tamén repeti-

dores nas zonas sen cobertura de Tv e telefonía.

Seguimos carecendo dun punto limpo, demandado pola veciñanza que preferiría o punto limpo e non o asesor de Alcaldesa, así como aumentar a recollida dos enseres porta a porta.

Nós faríamos obradoiros de traballo para os parados, para formarse e atopar traballo.

Reconduciríamos a situa-

ción económica do Concello, para non estar en inestabilidade financeira.

Seguimos tendo problemas todos os anos coa auga potable do Concello, nós poñeríamolle remedio, hai varias fórmulas que se poden aplicar.

Faríamos outra política en canto ao mantemento e roza das nosas pistas no rural.

Creemos que gobernar

é tomar decisións, e non descargar sobre os demais cando un se ve incapaz de corrixir erros ou de afrontar problemas. Non se pode dicir que: "o mercado decae", e dicir que están abertos a suxerencias da oposición ou da veciñanza, non se pode descargar sobre os veciños a existencia dos vertedoiros ilegais que hai no Concello, e ao mesmo tempo, dicir que o equipo de goberno é o que decide como se gastan os cartos.

Despois destas pinceladas, dicirvos que dende o Grupo Popular de Guitiriz

estamos a carón de vós, dos veciños e veciñas do Concello, a carón dos máis novos, e dos nosos pequenos, que seguen sen ter unha zona de lecer como se merecen, nós creemos que Guitiriz ten futuro, so hai que facer as cousas doutro xeito.

Dende o noso grupo queremos darvos as grazas a tódolos veciños/as pola vosa colaboración connosco, polas vosas ideas e por como nos recibides cando vos visitamos polos vosos pobos, barrios, ou lugares.

Un saúdo do PP de Guitiriz.



Prensa ou propaganda?

Dende o BNG de Guitiriz queremos denunciar publicamente o que consideramos un uso partidista e abusivo dos recursos de todos os veciños e veciñas. Un ano máis, o Goberno Municipal pon en marcha a maquinaria do seu "periódico" anual, unha publicación que, baixo a aparencia de información de servizo público, agocha unha realidade ben distinta: un

catálogo de propaganda institucional ao servizo exclusivo da Alcaldía.

É inadmisíbel que un soporte financiado con cartos públicos sexa utilizado como unha ferramenta de bombo e boato persoal. Mentres as páxinas desfilan a toda cor cunha extensísima galería fotográfica da Alcaldesa en cada recuncho do concello, o traballo do resto do corpo-

ración, da oposición e das distintas asociacións queda reducido a unha viñeta testemuñal. Esta estratexia non busca informar, busca invisibilizar a quen ofrece alternativas e fiscaliza a xestión municipal.

Consideramos que un xornal público debería ser un espazo de transparencia, onde se dea conta da realidade do concello de xeito obxectivo e onde to-

das as forzas políticas máis distintas asociacións, que traballan arreo todo o ano dándolle alento ao noso concello; teñan un espazo digno e proporcional. Gastar fondos públicos en autobombo propagandístico non é xestionar, é intentar mercar a opinión pública cun formato que imita o xornalismo pero que só serve para o culto á imaxe do goberno de quenda.

Guitiriz merece unha comunicación institucional sería, plural e que respecte a intelixencia da veciñanza. Non necesitamos álbums de fotos 'deluxe' pagados

entre todos; necesitamos información real, debates abertos e respecto pola pluralidade democrática que o BNG defende e que o actual Goberno insiste en silenciar.

Por unha información pública de calidade e sen manipulacións.

Dende o BNG seguiremos representando con responsabilidade á veciñanza fronte ao uso partidista dos recursos públicos. Estamos preto da xente, dispoñibles para escoitar, atender e traballar por un Guitiriz máis xusto, transparente, sostible e participativo.

Guitiriz avanza cara á dixitalización de servizos con novas funcións en liña

Agora xa se pode realizar o empadramento a través da sede electrónica

Guitiriz continúa avanzando na modernización dos seus servizos municipais coa posta en marcha de novas ferramentas dixitais que facilitan os trámites á veciñanza e melloran o acceso á información.

Entre as novidades destaca a posibilidade de realizar o empadramento a través da sede electrónica, así como a consolidación do taboleiro de anuncios de emprego na web municipal.

Dende agora, as persoas interesadas en empadroarse no municipio poden completar todo o proceso de maneira telemática, sen necesidade de desprazarse ata as oficinas municipais. A través da sede electrónica, dispoñible na páxina oficial do Concello, o usuario só ten que acceder ao apartado de 'Padrón de habitantes' e seleccionar a opción correspondente para solicitar a alta. Para levar a cabo o trámite é imprescindible contar cun sistema de identificación dixital, como o DNI electrónico, certificado dixital ou Clave PIN.


Unha vez completado o proceso, a propia plataforma permite descargar o certificado de empadramento de forma inmediata, o que

é unha gran vantaxe. Este avance supón un paso máis na aposta do Concello pola administración electrónica e pola simplificación dos procedementos administrativos.

ANUNCIOS DE EMPREGO

Paralelamente, o Concello reforza o seu taboleiro de anuncios de emprego, dispoñible na sección de 'Emprego' da web municipal. Este espazo funciona como un punto de encontro entre empresas e persoas en busca de traballo, permitindo consultar ofertas recentes e tamén publicar novas vacantes mediante o formulario.

A iniciativa pretende dinamizar o mercado laboral local, ofrecendo unha ferramenta accesible tanto para quen precisa incorporar persoal como para quen está na procura dunha oportunidade laboral. Con estas medidas, o Concello continúa apostando pola dixitalización e polo impulso de servizos útiles.



Dúas imaxes dos servizos da web municipal, o portal de emprego e o servizo de empadramento en liña

Estréase o pago con TPV nas oficinas e mantéñense os servizos en liña

O Concello de Guitiriz implantou un novo sistema de pagamento nas súas dependencias municipais, de xeito que todas as xestións presenciais deberán realizarse a través de terminal punto de venda (TPV), utilizando tarxeta de crédito ou débito. Con esta medida, elimínase o uso de efectivo na Casa do Concello, nun paso máis cara á modernización e á mellora da seguridade nas transaccións.


Desde o goberno local destacan que esta novidade responde á necesidade de adaptar os servizos muni-

cipais aos hábitos actuais da cidadanía, facilitando un sistema máis áxil, cómodo e seguro para realizar pagamentos.

Xunto a esta incorporación, o Concello lembra que continúan activos os servizos de pagamento en liña a través da páxina web municipal. A través da pestana de 'Pagos en liña', a veciñanza pode aboar distintos recibos introducindo o código de barras correspondente e completando o proceso cos datos bancarios solicitados, sen necesidade de desprazarse.

Así mesmo, mantense a posibilidade de realizar o pagamento de autoliquidacións mediante este mesmo sistema, unha opción que permite axilizar trámites administrativos e ofrecer maior flexibilidade aos usuarios.

Deste xeito, o Concello combina agora o novo sistema de pago presencial con tarxeta coa continuidade dos servizos dixitais xa existentes, reforzando o seu compromiso cunha administración máis moderna, accesible e adaptada ás necesidades da cidadanía.



Unha captura do lugar destinado ao pago de recibos en liña



Corporación municipal e veciñanza uníronse para protestar polos repetidos peches do Consultorio de Parga

A veciñanza de Guitiriz mobilizouse en defensa dos servizos públicos e do emprego

Os peches do Consultorio de Parga e da empresa Tivaygasa tiveron un rexeitamento unánime

O Concello de Guitiriz mantivo ao longo do ano unha posición activa e firme na defensa dos intereses da veciñanza ante diversas situacións que afectaron de maneira directa tanto aos servizos públicos como ao emprego no municipio.

No ámbito sanitario, a administración local protagonizou distintas accións en resposta ao peche do consultorio de Parga en varios momentos do ano, unha situación que xerou un amplo malestar social. O goberno municipal

criticou a decisión do Sergas de deixar sen médico este centro, tanto durante o verán como posteriormente, advertindo do impacto negativo que isto supón para a veciñanza, especialmente para a poboación do rural.

Desde o Concello reclamáronse solucións que garantisen unha cobertura sanitaria adecuada, incidindo na necesidade de contar, como mínimo, cun facultativo de maneira continuada. Ademais, promoveu e participou en mobilizacións xunto á veciñanza, convocando concentracións tanto diante do consultorio de Parga como ante o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), en Lugo, onde se atopa a sede da Xerencia de Atención Primaria. Nestas accións tamén estiveron presentes repre-

sentantes de toda a corporación municipal, trasladando unha demanda clara de planificación e de respecto aos dereitos sanitarios.

PECHE DE TIVAYGASA

Por outra banda, o peche da empresa Tivaygasa supuxo outro dos momentos máis relevantes, ao deixar sen traballo a unha vintena de persoas e provocar un forte impacto no tecido socioeconómico local. Desde o primeiro momento, o Concello amosou o seu rexeitamento á decisión, cualificándoa como inxusta e prexudicial para as familias afectadas.

O goberno local situouse ao carón do cadro de persoal, apoiando as súas reivindicacións, participando nas mobilizacións

convocadas e esixindo explicacións á empresa, así como alternativas que permitisen manter os postos de traballo. Finalmente, a actividade cesou sen que se puidesen evitar as consecuencias.

ESTADO DAS ESTRADAS

Por último, o goberno municipal quixo poñer de manifesto a preocupante situación da estrada LU-242, especialmente no treito entre o Mesón da Cabra e Parga, onde o mal estado do firme e a falta de mantemento supoñen un risco evidente para a seguridade viaria nunha vía moi transitada.

Cómpre lembrar que no pasado mes de novembro o Grupo Municipal Socialista levou ao pleno unha moción para instar a Xunta de

Galicia á execución urxente das obras de arranxo da estrada LU-242 e á construción dunha senda peonil. Esta iniciativa foi aprobada cos votos favorables do PSOE e do BNG, mentres que o Partido Popular optou pola abstenición, argumentando a necesidade de conceder un "voto de confianza" á conselleira. Así mesmo, a alcaldesa mantivo a mediados do pasado ano unha reunión coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez, na que se acadou un compromiso verbal para levar a cabo estas actuacións.

Non obstante, a situación a día de hoxe continúa sendo a mesma, cunha LU-242 que continúa a ser un perigo para a veciñanza sen que a Xunta de Galicia cumpra co prometido.



O repentino peche de Tivaygasa e o preocupante estado da estrada LU-242 foron dúas das reivindicacións municipais máis importantes nos últimos meses

Novas alternativas de ocio e benestar cos cursos e con 'Mentes en Calma'

Unha exposición pechou os obradoiros e o programa de saúde emocional tivo que repetirse

O Concello de Guitiriz continuou a súa aposta por ofrecer alternativas de ocio e saúde para a veciñanza, combinando iniciativas culturais e de benestar emocional. A Escola Habanera acolleu unha exposición das obras realizadas polos participantes nos diferentes obradoiros municipais de cerámica e cestería, que se puideron ver no soto do edificio. As pezas, que incluían delicadas figuras de cerámica e complexos cestos

tecidos, amosaban o esforzo e a destreza adquirida polos alumnos baixo a guía de artesáns expertos, reflectindo a preservación dos oficios tradicionais e da memoria colectiva da comarca.

'MENTES EN CALMA'

Paralelamente, a actividade 'Mentes en Calma' desenvolveuse coa creación dun segundo grupo para dar cabida ao elevado número de participantes interesados. Esta iniciativa, organizada na Casa Barxa, centrouse no traballo da autoestima, a relaxación, a meditación e o autocoñecemento, proporcionando ferramentas para xestionar a ansiedade e fomentar a calma interior. O programa contou con sesións

bisemanais de aproximadamente unha hora e cuarto, e prolongouse ata maio, consolidándose como unha proposta clave para o benestar emocional da comunidade.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que "coidar da saúde mental e emocional, ao igual que preservar os nosos oficios tradicionais, forma parte do compromiso do Concello de Guitiriz coa calidade de vida da veciñanza", invitando a comunidade a participar activamente nestas iniciativas.

Estas accións, combinando cultura e autocoidado, evidencian o compromiso municipal por fomentar unha vida equilibrada, creativa e saudable para todos os habitantes de Guitiriz.



As participantes no taller de estimulación cognitiva

O taller de memoria lévase a cabo en dúas sedes pola súa demanda

Desenvolveuse con éxito o Taller de Estimulación Cognitiva e da Memoria, unha iniciativa dirixida a mellorar as capacidades mentais da veciñanza a través de diferentes exercicios prácticos. A actividade contou cunha alta demanda e desenvolveuse en dous grupos, un na vila de Guitiriz e outro na parroquia de Parga.

Ao longo das sesións, as persoas participantes tra-

ballaron aspectos como a atención, a concentración, a memoria e a lóxica mediante actividades de ximnasia cerebral adaptadas a distintos niveis. O obxectivo principal foi fomentar o envellecemento activo e contribuír ao mantemento das capacidades cognitivas nun ambiente dinámico e participativo.

As clases tiveron lugar na Escola Habanera e na Escola das Nenas de Parga.

O curso práctico de micoloxía foi na zona de San Xoán de Lagostelle

O obradoiro de micoloxía volveu converterse nunha cita de referencia, reunindo a numeroso público nunha xornada que destacou tanto pola participación como polo interese suscitado entre os asistentes. A actividade, organizada pola Deputación de Lugo e a Reserva da Biosfera Terras do Miño, contou coa colaboración do Concello e da Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle.

O obradoiro desenvolveuse ao longo dunha mañá, combinando unha parte teórica na Escola Habanera cunha saída práctica á Área Recreativa de San Xoán de Lagostelle, onde os participantes puideron identificar diferentes especies no seu hábitat e coñecer mellor as



Sesión práctica de micoloxía celebrada en San Xoán de Lagostelle

súas características.

Esta iniciativa, que se repite ano tras ano, conta cunha grande aceptación entre a veciñanza e persoas afeccionadas á micoloxía, en boa medida por celebrarse nunha época especialmente propicia para a aparición de cogomelos. A combinación de formación e contacto directo coa natureza fai desta

actividade unha proposta atractiva tanto para persoas iniciadas como para aquelas con experiencia.

Desde a organización destacan o éxito de participación e o interese crecente por este tipo de actividades, que contribúen á divulgación do coñecemento sobre os recursos naturais e ao respecto polo medio ambiente.

Alume impulsa a integración en Guitiriz

A asociación Alume de Guitiriz continúa desenvolvendo un programa de atención dirixido principalmente a persoas do municipio, con actividades de luns a venres tanto no centro Dolores Osorio como a domicilio e en instalacións municipais. No centro realízanse propostas enfocadas ao benestar físico e mental, como ximnasia, talleres creativos, xogos e

actividades para traballar habilidades sociais e da vida diaria, co obxectivo de manter a estabilidade e favorecer a integración social.

A entidade colabora estreitamente co Concello de Guitiriz, o que permite ás persoas usuarias participar en diversas iniciativas ao longo do ano, favorecendo a súa inclusión na sociedade.



As persoas usuarias de Alume participaron en varias actividades



A saída a Estremadura foi a primeira excursión do ano



O ano pechouse coa visita a Portugal polo Nadal

A veciñanza de Guitiriz, sobre rodas para coñecer España e Portugal ao longo do ano

No 2025 houbo catro excursións diferentes

Ao longo do pasado ano, a veciñanza de Guitiriz emprende diversas viaxes que os levaron a descubrir recunchos de España e Portugal, mergullándose en historia, paisaxe e tradicións.

A primeira saída foi no mes de marzo, cando un numeroso grupo de persoas participaron nun percorrido por Estremadura, visitando o Valle do Jerte en flor, o impresionante mosteiro de Guadalupe, as pedras cargadas de historia de Cáceres e Trujillo, o Parque Nacional de Monfragüe, Plasencia, La Vera e a pintoresca Garganta la Olla,

unha xornada de descubrimentos que combinou beleza natural e riqueza cultural.

No mes de xuño, a atención xirou cara a Baiona, a Virxe da Roca e a Fortaleza, nun percorrido que permitiu coñecer a historia e o patrimonio do municipio pontevedrés.

Xa en outubro, a ruta levounos a Asturias, co mar e as cores de Luarca e a maxia de Cudillero como protagonistas, onde a veciñanza puido gozar coas visitas espectaculares destas paraxes aturianas.

E para pechar o ano, os e as guitiricenses colleron de novo o autobús rumbo a Portugal, visitando Águeda, Coímbra

e Aveiro, e deixando que as rúas adornadas co Nadal envolvesen a experiencia con luces, cores e espírito festivo.

Cada viaxe converteuse nunha celebración e nunha oportunidade para crear lembranzas compartidas e para que os veciños e veciñas de Guitiriz puidesen conectar co mundo máis aló da súa terra. Entre paseos, risas e emocións, o ano quedou marcado por estampas que amosan como se crea comunidade.

Neste 2026, o Concello seguirá colaborando con estas iniciativas, postas en marcha por distintas empresas e asociacións e que triunfan entre a veciñanza.

No 2026 continuarán as saídas por distintos puntos da península



A saída a Baiona tivo paradas na Virxe da Roca e en Fortaleza

As excursións son un grande éxito

No transcurso de 2025, realizáronse catro viaxes a destinos moi diversos, pero todos compartindo un fío común: a curiosidade e a emoción de descubrir novos horizontes. Cada saída reuniu un numeroso grupo de veciños e veciñas, que percorreron camiños e recunchos cheos de historia e paisaxe. Estas excursións, nas que colabora o Concello de Guitiriz, consolidáronse como un éxito absoluto, e en moitas ocasións incluso se xera lista de agarda, testemuñando o entusiasmo da veciñanza por vivir novas experiencias.

As saídas, que se levan a cabo coa colaboración do Concello, son todo un éxito en canto a participación e xan van varios anos que se poñen en marcha.

PRIMEIRA DO ANO

Neste 2026 xa se celebraron máis viaxes, coa saída no pasado mes de abril a Cuenca e a Teruel.

O Concello espera poder colaborar en máis iniciativas como estas, que pese a non estar organizadas desde a institución, son ben esperadas pola veciñanza. Ao longo do ano cóntase con que haxa máis destinos.



Unha imaxe da viaxe a Asturias, onde se visitaron os municipios de Luarca e Cudillero



Institucións como a Asociación Cultural Xermolos contan con importantes subvencións municipais

O goberno local aposta polas axudas escolares e o apoio a entidades locais

Neste 2026 destínanse 14.000 euros a axudas escolares e máis de 25.000 a subvencións

O goberno de Guitiriz continúa a impulsar medidas de apoio á educación e á actividade social no municipio. Para o curso escolar 2025-2026, destináronse 14.000 euros a liñas de axudas que cobren material escolar, transporte

e redución da fenda dixital, dirixidas a alumnado de educación infantil, primaria, ESO, bacharelato, ciclos formativos e universitarios empadroado no municipio. Estas axudas permiten facilitar o acceso á educación, cubrir necesidades tecnolóxicas e apoiar as familias na cobertura de gastos educativos, fomentando a igualdade de oportunidades e reducindo as desigualdades dixitais.

Ademais, o goberno de Marisol Morandeira continúa

apoiando as asociacións e entidades locais, con subvencións nominativas que suman máis de 25.000 euros neste 2026.

Entre as entidades beneficiarias están a Asociación Cultural Xermolos (6.000 euros para actividades), a Asociación Cultural Os Villares (1.500 euros para actividades e 1.000 euros para investimentos en edificacións), a Banda Municipal de Guitiriz (1.000 euros para gastos ordinarios e actividades, e

1.000 euros para adquisición de instrumentos), así como colectivos deportivos como a Sociedade Deportiva Guitiriz (2.500 euros) e o Club Atletismo Guitiriz (1.500 euros).

Outras asociacións como Cáritas Parroquial San Juan de Lagostelle, a Asociación Española de Loita contra o Cancro, o Clube Ciclista Btteiros Cova da Serpe ou o Club de Tiro con Arco tamén recibirán apoio económico para organizar actividades e promover a participación cidadá.



A Banda Municipal de Guitiriz



Os equipos deportivos do municipio, como o Club Atletismo Guitiriz, contan con axudas municipais



O estudiantado das distintas idades pode optar a diversas axudas

Facilitar a conciliación familiar continúa sendo clave para o goberno municipal

Os programas 'Guitiriz Concilia' e 'Concilia Vacacións' axudan as familias do municipio

A conciliación da vida familiar e laboral continúa a ser unha prioridade no programa do goberno de Guitiriz, que ofrece dous programas diferenciados para atender as necesidades de familias con nenos e nenas de 3 a 12 anos ao longo de todo o ano.

Durante o curso escolar, o servizo 'Guitiriz Concilia' dispón de diferentes modalidades para adaptarse aos horarios das familias. A modalidade 'Madrugador' cobre as horas antes do inicio das clases nos colexios CEIP Lagostelle e CEIP Santo Estevo de Parga, mentres que 'Concilia Tar-

des' atende aos menores ao rematar a xornada escolar, prolongándose ata as 19:00 horas.

As actividades inclúen xogo libre, propostas educativas e sociais, realización de tarefas escolares e xogos grupais, fomentando valores como a igualdade, o respecto pola contorna e a colaboración.

Ademais, tamén está o servizo 'Concilia Transporte', que garante o traslado seguro e gratuíto desde o colexio ás actividades extraescolares, facilitando a participación das familias sen supoñerlles carga adicional.

No verán, o programa de conciliación amplíase coas 'Vacacións Concilia', organizadas en catro quendas ao longo de xullo e agosto. Esta iniciativa está especialmente dirixida a fami-

lias en situación de maior vulnerabilidade, ofrecendo actividades lúdicas e educativas en horario laboral, con opcións de horarios extraordinarios e bonificacións sociais para facilitar o acceso a todas as familias.

Con estas propostas, o goberno local reforza o seu compromiso coas familias, cunha oferta adaptada ás necesidades.



A rapazada do programa Concilia participa en varias actividades ao longo do ano

A Escola Habanera móvese ao ritmo da música os domingos

O Concello segue a apostar polas sesións de baile na Escola Habanera, unha actividade xa consolidada na programación municipal que cada dous domingos reúne un numeroso grupo de veciños e veciñas.

Durante o ano 2025, centos de persoas participaron nalgunha das sesións. Ademais do baile, as sesións inclúen xogos de mesa, merenda doce e, de forma periódica, actuacións musicais en directo e sorteos de agasallos.

Esta actividade promove non só a diversión e a actividade física, senón tamén a convivencia e o benestar social, consolidándose como unha das propostas máis apreciadas no municipio.



Os domingos de baile na Escola Habanera son todo un éxito en participación

A Festa dos Xubilados e Xubiladas reuniu máis de 500 persoas nun gran xantar

A celebración tivo lugar no Pavillón Municipal Jonathan Carro

A Festa dos Xubilados e Xubiladas, organizada polo Concello de Guitiriz, reuniu 525 persoas no Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz na que foi, un ano máis, unha das grandes citas no municipio.

Nesta xornada festiva, na que os e as asistentes gozaron dun rico xantar, estivo presente a alcaldesa de Guitiriz; o deputado de Participación Cidadá da Deputación de Lugo, Iván Castro; e membros da corporación local.



A veciñanza gozou amplamente nunha sesión que estivo animada pola música de Nerea Cobas e os bailes dos participantes



O evento estivo protagonizado polo xantar, pero tamén houbo espazo para a música, coa actuación de Nerea Cobas, os bailes e o sorteo de agasallos, algúns cedidos polos comercios locais e outros do propio Concello.

Marisol Morandeira quixo subliñar que “a Festa dos Xubilados e Xubiladas é unha cita imperdible para a localidade de Guitiriz, un día no que todo o mundo goza, non só polo xantar ou pola música, senón polo pracer

de xuntarse e de compartir conversacións e bos momentos”.

A rexedora destacou que “este tipo de encontros reflicten o espírito da nosa veciñanza e a importancia de coidar os lazos que nos

unen”, afirmando que “desde o Concello imos seguir apostando por iniciativas como esta, que fomentan a convivencia e recoñecen a importancia das persoas maiores na nosa comunidade.”

O Concello e Xermolos repartiron 1.600 euros en premios no Entroido

Unha nova edición do Entroido deixou na localidade imaxes para a lembranza na que é unha das festividades máis destacadas e que este ano contou con máis de 1.600 euros en premios achegados polo Concello e pola Asociación Xermolos.

A xornada deu comezo no Pavillón Jonathan Carro Paz e estivo amenizada por Bloquinho de Xermolos.

No marco da programación celebrouse o II Concurso de Disfraces e Comparsas

‘Premio Especial Concello de Guitiriz’, organizado polo Concello, que nesta segunda edición consolidou esta cita como unha festa de tradición popular orientada a fomentar a participación activa, creativa e interxeracional.

O certame contou con tres modalidades de participación e cunha dotación económica de 1.245 euros, superando a contía da edición anterior. En comparsas, os gañadores dos 620 euros foron A Fábrica de Dulces e

Rondalla de Lagostelle; na de grupos, os gañadores foron Carrusel, que se levou 375 euros. A categoría individual quedou deserta.

PREMIOS XERMOLOS

Pola súa banda, a Asociación Xermolos distinguiu con 100 euros e unha cesta con produtos típicos do Entroido a cada comparsa premiada pola súa música, humor e traballo colectivo, e recoñeceu os tres mellores mecos.



Alguns dos disfraces gañadores no concurso do Entroido do ano 2026

A UNED Sénior mantén o programa formativo con máis de 70 inscritos

A UNED Sénior continúa consolidándose como unha das propostas formativas de referencia para a poboación adulta, acadando un novo éxito de participación neste curso académico con máis de 70 inscritos da zona da Terra Chá.

Co inicio do segundo cuadrimestre, o programa, que se centra nas clases de inglés e música, mantén o alto

nivel de inscrición e interese por parte do alumnado, que segue apostando por esta iniciativa de aprendizaxe para maiores de 50 anos.

A programación está deseñada para fomentar o coñecemento, o debate e a participación activa, adaptándose aos intereses dun alumnado diverso que busca seguir formándose en distintas áreas.



Alumnos da UNED Sénior, durante unha das súas actuacións

A veciñanza únese para reivindicar a igualdade nos actos polo 8M

A veciñanza uniuse baixo o lema 'Polo seu pasado, polo noso futuro'

O Concello de Guitiriz conmemorou o Día Internacional da Muller cunha xornada marcada pola participación e o compromiso social, na que dúcias de veciños e veciñas saíron á rúa para reivindicar a igualdade real entre mulleres e homes.

Baixo o lema 'Polo seu pasado, polo noso futuro', a mobilización percorreu as rúas da vila nun ambiente reivindicativo e de unidade. A marcha, que partiu do Campo da Feira, converteuse nun espazo de encontro

no que a cidadanía fixo visible a necesidade de seguir avanzando na conquista de dereitos e na eliminación das desigualdades de xénero.

Durante o percorrido, as persoas participantes puxeron en valor o papel das mulleres que, ao longo da historia, contribuíron a construír a sociedade actual, ao tempo que se reivindicou a responsabilidade colectiva de continuar ese camiño para garantir un futuro máis xusto para

as novas xeracións.

A xornada rematou na praza, onde as persoas asistentes participaron nunha foto de grupo xunto á pancarta oficial, nun xesto simbólico que reflectiu o compromiso compartido de Guitiriz coa igualdade.

Desde o Concello destacou a importancia da implicación veciñal neste tipo de iniciativas, subliñando que a defensa dos dereitos das mulleres debe manterse durante todo o ano.



Varias imaxes das mobilizacións con motivo do 8M

'Arrinquemos a violencia' polo 25N

Guitiriz conmemorou o 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, cunha xornada participativa baixo o lema 'Arrinquemos a violencia', coa que se buscou reforzar o compromiso social fronte á violencia machista e visibilizar a importancia de avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria. A xornada comezou cunha concentración na praza do Campo da Feira, na que veciños e veciñas de todas as idades se reuniron para reivindicar a igualdade e denunciar as situacións de violencia que aínda persisten na sociedade.

Posteriormente, a Escola Habanera acolleu o espectáculo 'El chou', do dúo cómico Sobria e Serena, unha proposta que combinou humor, emoción e reflexión

desde unha perspectiva de xénero.

Ambas as actividades, de acceso libre e gratuito, permitiron ao Concello trasladar a súa aposta pola sensibilización, a educación en igualdade e a participación cidadá, reforzando o compromiso da comunidade de Guitiriz na loita contra a violencia machista e na construción dunha sociedade máis xusta para todas as persoas por igual.



Lectura do manifesto



Sobria e Serena, un espectáculo para concienciar desde o humor

O espectáculo 'El chou', do dúo cómico Sobria e Serena, converteuse nun dos momentos máis participativos da xornada. As actrices Arantxa Reus e Jazmín Abuín mesturaron humor, ironía e reflexión para abordar cuestións de igualdade e roles de xénero, ofrecendo unha mirada persoal e divertida sobre a vida e as relacións sociais. A súa proposta, pensada para toda a veciñanza, destacou pola capacidade de provocar riso ao tempo que facía pensar, lembrando que a prevención da violencia e a sensibilización sobre a igualdade poden abordarse tamén desde a creatividade e o entretemento.



A torta de millo foi acompañada de moita música e artesanía



Varias imaxes da Festa da Torta do Millo do pasado mes de xuño

A Festa da Torta de Millo enche o Campo da Feira da mellor música e artesanía

A oitava edición mesturou música, artesanía e actividades para todos os públicos, consolidando a festa

O Campo da Feira de Guitiriz volveu latear con forza o pasado xuño coa celebración da Festa da Torta de Millo, unha cita que xa forma parte da alma colectiva do municipio e que chegou á súa oitava

edición. Guitiriz converteuse nun espazo de encontro arredor dun produto humilde e poderoso á vez: a torta de millo, símbolo de identidade e memoria compartida.

Os protagonistas volveron ser os tres establecementos artesáns que manteñen viva esta receita xeración tras xeración: Panadería David, Pastelería Gómez e Panadería La Esquina. Nos seus postos, entre arrecendos doces e mans expertas, veciñanza e visitantes puideron degustar

un sabor que fala de infancia, de casa e de terra.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, quixo agradecer o compromiso colectivo que fai posible esta celebración: "Grazas ás panadarías, aos centros educativos, ás asociacións, á Deputación e, sobre todo, á veciñanza de Guitiriz. Esta festa é o reflexo do que somos cando traballamos xuntos: un pobo orgulloso das súas raíces e capaz de proxectarse cara ao futuro sen esquecer de onde vén". A

rexedora destacou tamén que a torta de millo "é moito máis ca un doce; é unha parte da nosa historia e un motivo para xuntarnos e celebrar".

A música acompañou a xornada cunha aposta decidida pola creación galega. As voces e pandeiretas de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre fixeron vibrar o público, mentres que a enerxía e personalidade de A Banda da Loba puxeron o peche cun concerto cheo de emoción. Xunto a eles, as pandereitei-

ras de Na Casa Zoqueiro e a Escola de Música do Concello completaron un programa no que o talento local tamén tivo un papel destacado.

Durante toda a xornada, os xogos tradicionais, os 24 postos de artesanía, as actividades para os máis pequenos e as distintas propostas expositivas converteron o Campo da Feira nun espazo vivo do que puideron gozar todos os presentes, consolidando a festa como referente na provincia de Lugo.



Traballo dun dos canteiros participantes



Entrega do primeiro premio



A música non faltou no evento



A tradicional degustación de callos volveu a ser protagonista

A Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga, unha cita de referencia

Nesta trixésima edición do evento celebrouse o XXVII Certame de Cantería, con 13 participantes

A carballeira de Parga acolleu a XXX Feira da Cantería, Callos e Artesanía, organizada polo Concello de Guiriz e a A.V. do Campo da

Feira de Parga, coa colaboración da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santo Estevo de Parga. Con trinta anos de traxectoria, a cita reafirmase como referencia na provincia. O XXVII Certame de Cantería foi un dos eixes centrais da xornada, reunindo 13 artesáns.

O primeiro premio, con 750 euros, foi para Marcos Escudero, que elaborou un

busto indio. O segundo galardón, de 500 euros, recaeu en Jacobo Liste, coa obra 'Os tres amigos compartindo botellas'. O terceiro premio, de 250 euros, foi para Nicolás Ricón, cunha peza que simulaba unhas cantareiras. Completaron a xornada a variedade de actividades e a tradicional venda de callos, outro dos grandes reclamos desta feira.

O Parga Rock marca o ritmo na carballeira de Parga



O primeiro fin de semana de setembro a carballeira de Parga encheuse de música e enerxía co Parga Rock. Na súa oitava edición, o festival consolidouse como a festa do rock en Galicia. CEDIDA MARTÍN RÁBADE

Música e a tradición, da man en Pardiñas



O Festival de Pardiñas, na súa 46ª edición, converteuse de novo nun punto de encontro de amigos, familias, músicos e artesáns. Como cada ano, a feira e a festa foi organizada pola Asociación Xermolos e contou con varias actividades para todos os públicos. CEDIDA RAÚL RÍO

Guitiriz contou cun amplo e variado programa de actos durante o Nadal

O acendido das luces deu inicio ás celebracións, que culminaron coa tradicional Cabalgata de Reis polas vilas de Guitiriz e Parga

Durante o Nadal, Guitiriz desenvolveu un programa de actividades variado e participativo, organizado polo Concello coa colaboración de asociacións e centros educativos. As propostas culturais e de lecer estendéronse do 15 de decembro ao 5 de xaneiro, dirixidas a todos os públicos e pensadas para combinar diversión, creatividade e tradición.

O programa comezou o 15 de decembro coa Aula CeMIT, que acolleu o obradoiro 'Crea en 3D: edición navideña', seguido do taller de

'Ciberseguridade: Nadal ciberseguro'. O día 19, a Escola Habanera proxectou unha selección de curtametraxes, coincidindo co acendido das luces de Nadal, que deu inicio ás celebracións oficiais.

Un dos principais eventos foi a Feira de Nadal de Parga, que se celebrou o 20 e 21 de decembro nos cobertizos da Feira de Parga.

O 22 de decembro, a Escola Habanera acolleu o II Torneo de Videoxogos Concello de Guitiriz e, pola tarde, contou coa actividade 'Robótica en acción con Micro:bit' na Aula CeMIT.

A programación culminou o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata dos Reis Magos, organizada polo Concello e a Asociación Xermolos. A comitiva percorreu Parga e Guitiriz, incluíndo a recepción aos Reis Magos no Concello, e rematou cun acto para a cativada.



Arriba, una das actividades levadas a cabo na Aula CeMIT e, abaixo, un dos concertos

Unha foliada solidaria recadou cartos para as familias vulnerables

A Escola Habanera acolleu o 8 de decembro unha foliada solidaria organizada polo grupo de pandeireteiras Na Casa Zoqueiro, coa colaboración do Concello. A iniciativa tivo como obxectivo recadar alimen-

tos e donativos para as familias máis necesitadas do municipio.

Durante a xornada houbo actuacións musicais e moito baile, e as persoas que o desexaron puideron levar o seu propio instru-

mento. Realizouse unha recadación benéfica de alimentos non perecedoiros e de donativos económicos, que foron destinados a apoiar as familias máis vulnerables.



As pandeireteiras de Na Casa Zoqueiro protagonizaron unha foliada solidaria

Estrea da Feira do Nadal de Parga organizada pola ANPA do colexio

A primeira Feira de Nadal de Parga celebrouse con grande éxito o sábado 20 e o domingo 21 de decembro nos espazos cubertos da Feira de Parga, organizada polo CEIP Santo Estevo de Parga e pola ANPA do centro, coa colaboración do Concello.

As panxoliñas a cargo dos nenos e nenas do centro abriron a primeira xornada de actos, entre os que figurou a visita da Apalpadora, obradoiros de xoguetes naturais co O Recuncho das Argalladas, recreación da vida castrexa coa Asociación A Castronela e un peche musical da Asociación Cultural Xermolos.

Tamén houbo decoración de Nadal, carrusel, postos de artesanía e gastronomía, entre eles churrería, *foodtruck* e liscos con chourizos.

O domingo 21 continuou a programación con actuacións da Banda Municipal de Música de Guitiriz, a visita de Papá Noel, talleres de globoflexia con Maylandia, e un concerto de Cé Orquestra Pantasma, que concluíu cun conxuro e unha queimada para pechar a feira.

A alcaldesa destacou que a iniciativa "demostra o sentimento da xente de Parga, que converteu o desexo en realidade".

A maxia dos Reis Magos encheu de ilusión as rúas de todo Guitiriz

As Súas Maxestades de Oriente recibiron a cativada en Parga e en Guitiriz ao longo dunha xornada

No mes de xaneiro, Guitiriz viviu unha desas tardes que permanecen na memoria moito despois de que se apaguen as luces do Nadal. O Concello recibía as Súas Maxestades de Oriente nun evento cargado de emoción que encheu as rúas de música e ilusión.

A tradicional cabalgata, organizada polo Concello coa colaboración da Asociación Cultural Xermolos, volveu converter o municipio nun escenario de fantasía.

O percorrido comezou en Parga e continuou logo cara á vila de Guitiriz, onde as Súas Maxestades foron recibidas oficialmente na Casa do Concello. Desde alí, os Reis

Magos de Oriente partiron en dirección ao Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz.

A música de Caivanca, Bloquinho de Xermolos e a Escola de Música Tradicional Xermolos e o chocolate quente con churros foron os acompañantes nesta máxica xornada.



O Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz viviu unha xornada máxica



Os Reis Magos visitaron a cativada en Parga e Guitiriz

Un Nadal máxico no Pavillón Jonathan Carro con inchables e xogos

O pasado Nadal, o Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz converteuse nun verdadeiro reino de ledicia, onde pequenos e grandes puideron mergullarse nunha atmosfera chea de maxia e ilusión. Cada recanto do pavillón vibrou coas risas e o movemento da veciñanza, creando momentos compartidos que permanecerán como recordos entrañables deste Nadal.

Desde o 29 de decembro e ata o 4 de xaneiro, o pavillón acolleu unha programación

variada e colorida que fascinou a todos e todas. Dance Mats Interactive, inchables, obradoiros, un circuíto de coches de radiocontrol, o touro mecánico ou a táboa de surf foron algunhas das propostas nunhas xornadas nas que tamén destacaron o Rokomonte, os xogos de feira, ou o posto de flocos de millo. Cada actividade foi un fío máis que teceu a maxia destas datas, facendo que o pavillón se convertese en epicentro do Nadal.



Os inchables foron protagonistas en todas as xornadas celebradas no pavillón



Iván Picallo lidera o ruxir dos motores no VI Slálom Concello de Guitiriz

Ata 48 pilotos participaron na competición, que contou con 1.860 euros premios en catro categorías

A finais do mes de abril do pasado 2025 o Campo da Feira de Guitiriz encheuse de emoción e adrenalina co VI Slálom Concello de Guitiriz Gran Premio Ruta da Auga, unha xornada na que 48

pilotos demostraron a súa destreza ao volante, combinando precisión e velocidade nun ambiente vibrante e cheo de expectación.

Durante a mañá, as sesións de adestramento e as verificacións técnicas prepararon o terreo para unha competición que pola tarde se transformou nun verdadeiro espectáculo de luces, curvas e aceleracións, no que Iván Picallo se impuxo como triunfador na categoría xeral.

Outras categorías tamén tiveron os seus protagonistas: María José Chao venceu no VI Trofeo Feminino Pub Zeus, Borja Cotovad proclamouse gañador do I Trofeo Traseiras Pub Titanic, Miguel Villanueva destacou na categoría de debutantes e David Franco foi o mellor no I Trofeo Pilotos Lucenses Carnicería Vitorio, convertendo a proba nunha auténtica festa do motor e da competición en Guitiriz.

En total repartíronse cinco



O Campo da Feira de Guitiriz converteuse no epicentro da proba

premios diferentes e 1.860 euros entre os diferentes galardóns.

O ruxido constante dos motores, as curvas medidas ao segundo e as estelas de luz deixadas polos vehículos crearon unha xornada inesquecible para pilotos, afeccionados e visitantes,

consolidando o VI Slálom como unha das citas imprescindibles do automobilismo local.

O Campo da Feira volveu situarse no corazón do evento como epicentro dun certame organizado unha vez máis polo Concello de Guitiriz e a Escudería Scratch Fene.

O Atletismo Guitiriz organiza as terceiras olimpíadas populares

En maio celebráronse as terceiras olimpíadas populares organizadas polo Club Atletismo Guitiriz, unha xornada na que 65 nenos, nenas e familiares enchéronse de emoción, xogos e diversión.

O CIT de Parga e o Campo da Feira de Parga foron os escenarios desta festa deportiva, que combinou actividades de atletismo das escolas deportivas con xogos lúdicos e momentos de convivencia.

A xornada rematou cunha gran paellada para pechar a tempada e celebrar os éxitos.

A ximnasia rítmica faise un oco importante dentro do calendario deportivo de Guitiriz



O II Torneo Concello de Guitiriz de Ximnasia Rítmica congregou no pavillón a 18 clubs de toda Galicia

O domingo 28 de setembro o Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz converteuse no epicentro galego da ximnasia rítmica coa celebración do II Torneo Concello de Guitiriz, unha cita que reuniu 18 clubs de toda Galicia e que se consolidou

como todo un éxito.

Ao longo da mañá, o público puido desfrutar dun espectáculo de talento e elegancia, con competicións en conxuntos de nivel base e absoluto, así como en individual base masculino e feminino, deixando patente a



combinación de forza, graza e precisión que caracteriza a esta disciplina deportiva.

A competición, organizada un ano máis polo Concello de Guitiriz e o Club Violeta de ximnasia rítmica, congregou no municipio chairgo a varios dos equi-

pos máis importantes do panorama galego dentro desta disciplina, así como a un importante número de asistentes, asentando a ximnasia rítmica como un dos deportes de referencia no municipio co paso dos anos.



Dúas imaxes dos podios na proba

Nía Franco e Daniel Murado coroáronse na XVI Carreira Guitiriz Termal

Máis de 220 persoas participaron o 19 de abril no evento, que neste 2026 celebrouse en horario de mañá

Nía Franco e Daniel Murado proclamáronse gañadores absolutos da XVI Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal, unha cita xa consolidada no calendario deportivo local que reuniu máis de 220 participantes entre a proba competitiva e a andaina organizada de maneira paralela.

O evento, promovido polo Concello de Guitiriz en colaboración co Club Atletismo Guitiriz, volveu a converter a vila nun punto de encontro para persoas de todas as idades, combinando deporte e convivencia.

Nas categorías inferiores tamén se viviu unha intensa xornada deportiva. En sub 10, os primeiros postos foron para Arai Gallardo e Valentina Ares, mentres que en sub 12 resultaron vencedores Mireia Díaz e Mateo Vilela. Na categoría sub 14 impuxéronse Laura López e Antonio Sanmartín, e en sub 16 fixérono Roi Fraga e Candela

Castelo. Tamén se entregaron medallas aos gañadores da categoría sub 18, Noa Quiroga e Brais Martínez, e a todos os participantes da categoría biberón, demostrando o bo nivel da base deportiva local e comarcal.

Na proba sénior, Miguel García e Vanesa Vázquez encabezaron a proba, mentres que nas categorías máster os vencedores foron os seguintes: Máster 1 Marcos Pereira e María Álvarez; Máster 2 Victoria Moscoso e Manuel Rendo; e Máster 3 Juan Antonio Castro.

Este ano, e como de costume, a proba volveu ter un

marcado carácter solidario, realizando unha recadación a favor da asociación Somos Unidos por el Cáncer a través da fila 0 e das inscri-

cións de cada participante. Proximamente o Concello anunciará a cantidade total recadada durante a competición.



Un momento da proba deportiva

Guitiriz, epicentro da XXI edición do Rally Rías Altas Clásico

José Manuel Mosquera e José Manuel Ferreiro gañaron o XXI Rally Rías Altas Clásico do Concello de Guitiriz, unha proba que reuniu preto de trinta vehículos históricos nun percorrido de 140 quilómetros.

Organizado polo Concello xunto co Moto Club Coruña-Escudería Centollo e o Iberik Gran Balneario de Guitiriz, o evento combinou competición e convivencia, incluíndo como novidade un simulador.



Á esquerda, os participantes na proba, e, á dereita, o grupo de rapaces durante a competición

Os programas de sendeirismo e rutas en bicicleta chegan á oitava edición

O 'BTTeando por Guitiriz' e o 'Guitiriz en Ruta' son un éxito

O Concello de Guitiriz volve apostar polo deporte e a vida saudable cunha nova edición dos seus dous programas xa consolidados: 'Guitiriz en Ruta' e 'BTTeando por Guitiriz' que neste 2026 chegan á súa oitava edición confirmando como iniciativas de grande éxito e elevada participación entre a veciñanza do municipio.

Ambos os programas convertéronse nunha referencia dentro do calendario anual municipal, fomentando a actividade física, o contacto coa natureza e a convivencia. Por unha banda, o 'Guitiriz en



Á esquerda, unha imaxe da primeira saída do 2026 do 'Guitiriz en Ruta', á dereita, do 'BTTeando por Guitiriz'

Ruta' ofrecerá este ano un total de nove andainas, combinando percorridos dentro do municipio con saídas a outros puntos de Galicia.

Pola outra, o 'BTTeando por Guitiriz', organizado xunto ao Club Btteiros Cova da Serpe, contará con seis itinerarios de bicicleta de montaña repartidos ao longo do

ano. Estas rutas, de carácter accesible, buscan promover hábitos de vida saudables e o uso sostible do medio natural.

Dende o goberno local destacan a grande acollida que ambos os programas tiveron en edicións anteriores, cunha participación crecente que demostra o interese da



cidanía por este tipo de propostas. Así mesmo, subliñan que a continuidade e consolidación destas iniciativas responden ao compromiso do Concello co benestar da poboación e coa dinamización do territorio.

Con esta oitava edición, xa en marcha nestes primeiros meses do ano, Guitiriz refor-

za a súa aposta polo deporte ao aire libre como ferramenta de cohesión social e promoción dun estilo de vida activo e saudable, cunha variada e atractiva programación accesible para todas as idades.

No que vai de 2026, todas as saídas dos dous programas contaron cunha elevada participación.

Máis de 450 participantes nas actividades deportivas municipais

Máis de 450 persoas participan este curso nas Escolas Deportivas Municipais de Guitiriz, confirmando o grande interese que esperan as actividades deportivas no municipio.

A programación deste ano destaca pola súa amplitude e diversidade, combinando disciplinas clásicas como fútbol sala e ximnasia rítmica con opcións máis recentes ou alternativas como pilates, ioga, zumba,

aerobic, step, patinaxe, pádel, tenis de mesa, tiro con arco, atletismo e campo a través.

O programa abrangue todas as idades e niveis. No apartado infantil e xuvenil, o fútbol sala continúa a ser unha das actividades máis demandadas, con equipos desde biberón ata cadete, xunto con ximnasia rítmica, pádel e patinaxe, totalmente consolidadas no calendario. Ademais, a rapazada

pode optar por zumba infantil, tenis de mesa ou modalidades en colaboración con clubs locais, como atletismo e tiro con arco.

As actividades impártense en diferentes espazos de Guitiriz e Parga, con horarios de mañá e tarde, adaptándose ás necesidades de conciliación das familias e fomentando a participación de toda a veciñanza, así como o benestar físico e emocional e a convivencia.



Á esquerda, unha imaxe durante unha clase de ioga, á dereita, a ximnasia rítmica

Preto de 60 persoas participaron no Día da Bicicleta en Guitiriz

Guitiriz celebrou o pasado 7 de setembro o Día da Bici, un evento organizado coa colaboración do Club Btteiros Cova da Serpe e que contou coa participación de preto de 60 persoas de todas as idades.

As persoas participantes saíron desde a Nave do SENPA para realizar un iti-

nerario de nove quilómetros, deseñado para ser apto para todos os públicos.

Ao finalizar a ruta, os ciclistas puideron compartir uns petiscos, promovendo a convivencia e o espírito de comunidade entre os participantes, que puideron gozar desta actividade gratuita ao aire libre.



Máis de medio cento de persoas participaron no Día da Bici

ESPAZO PARA ASOCIACIÓN DO MUNICIPIO

A forza da convivencia: 23 anos tecendo comunidade entre os nosos maiores

En Guitiriz, hai iniciativas que non fan ruído, pero que sosteñen o día a día de moitas persoas. A Asociación de Pensionistas e Xubilados leva máis de dúas décadas cumprindo ese papel esencial: crear espazos de encontro, combater a soidade e manter viva a vida social da veciñanza maior.

Fundada no ano 2004, a entidade xurdiuse como quen dá un paso natural cara ao futuro. Nos seus primeiros tempos, vinculada ao espazo coñecido como La Casilla, a asociación comezou organizando celebracións ao longo do ano: o Entroido, San Xosé, o Día da Nai, unha comida estival en agosto, o magosto ou a cea de Nadal. Eran momen-

tos sinxelos, pero cargados de significado, nos que compartir mesa convertíase tamén en compartir vida.

O primeiro presidente foi Carlos Tomé, quen puxo os alicerces dun proxecto que medrou co paso do tempo.

NOVOS HORIZONTES

Hoxe, cando a entidade cumpre 23 anos, abre unha nova etapa iniciada en marzo de 2025, coa chegada dunha nova directiva que decidiu manter a esencia do proxecto.

Á fronte está Manuel Penas Ramos, quen lidera un equipo comprometido con seguir dinamizando a vida social das persoas maiores. A súa proposta é clara: unha comida mensual acompañada

de baile, bingo e distintas actividades lúdicas —desde concursos ata xogos— que converten cada encontro nun espazo de convivencia e alegría.

A asociación tamén promove excursións que amplían horizontes e fortalecen vínculos, con viaxes recentes aos Picos de Europa, á fronteira galaico-portuguesa ou a vilas con encanto como Ciudad Rodrigo e La Alberca.

E no futuro, a asociación conta con ir a máis, estando á espera dun local por parte do Concello que permitirá contar cun espazo social propio onde desenvolver máis actividades.

Mentres tanto, a asociación segue atendendo a veciñanza cunha oficina na Escola Habanera e presenza en Parga durante os días de feira.

O obxectivo mantense firme desde o inicio: amenizar a vida social da veciñanza maior de Guitiriz. Nun contexto no que a soidade pode facerse presente, esta asociación demostra que a comunidade segue a ser un refuxio

imprescindible.

Porque, máis alá das actividades, o que realmente constrúe esta entidade son os lazos humanos: encontros que acompañan, risas compartidas e a certeza de que sempre hai un lugar ao que volver.

Na actualidade, a Asociación de Pensionistas e Xubilados conta con 378 socios, un número que, aínda que foi maior, continúa aumentando tras a chegada da nova directiva.



Na oficina de Parga hai varias imaxes, como a da primeira directiva (esquerda) ou das diferentes xuntanzas (dereita)

Hoxe: o Guitiriz do futuro

No 2026 o Concello de Guitiriz contará cun orzamento superior aos 5,8 millóns de euros

Guitiriz está a definir o seu futuro inmediato a través dun modelo de xestión centrado nas persoas, nos servizos públicos e na mellora constante do territorio. Neste marco, o novo orzamento municipal para 2026, que supera os 5,8 millóns de euros, marca a folla de ruta dun concello que aposta por consolidar un proxecto baseado na estabilidade, no coidado dos servizos esenciais e na dinamización do rural. O orzamento total ascende a 5.836.865,11 euros, o que supón un incremento de 325.423,51 euros respecto ao ano anterior.

Dentro desta planificación, ata 273.887 euros serán destinados inicialmente a mellorar accesos, infraestruturas rurais e outras actuacións clave en colaboración con distintas administracións, consolidando así unha estratexia centrada na continuidade e na mellora progresiva do municipio.

MELLORAS NO RURAL

Neste sentido, un dos piares fundamentais deste modelo de futuro é o investimento constante en infraestruturas e no rural, co impulso ao longo de 2026 de actuacións como a mellora de accesos en distintas parroquias, a participación en programas de mellora viaria rural e a execución de novas obras de saneamento que permitan seguir modernizando o territorio e garantindo servizos básicos de calidade.

O saneamento e o ciclo da auga constitúen unha peza clave da estratexia municipal. Neste ámbito, nos últimos meses puxéronse en marcha actuacións relevantes como a limpeza de

depósitos de auga potable, a renovación de redes en Parga e diversos traballos de mellora na depuradora de Guitiriz, incluíndo a limpeza do tanque de tormentas e a substitución de bombas de augas residuais. Estas intervencións reforzan o obxectivo de garantir infraestruturas seguras e eficientes en todo o termo municipal.

Entre os proxectos máis destacados realizados ata o de agora figura a posta en funcionamento da depuradora e do sistema de saneamento do Mesón da Cabra, na parroquia de Trasparga, unha actuación desenvolvida en dúas fases que conta cun investimento de 155.628,17 euros.

O modelo de concello que se está a construír tamén pon un forte foco no ámbito social. O reforzo das axudas a familias, asociacións e entidades, xunto co apoio á educación e ás emerxencias sociais, consolida unha rede de protección destinada a chegar a quen máis o precisa.

Nun contexto de incremento de custos e de maiores esixencias na prestación de servizos, o Concello mantén unha estrutura sólida de servizos públicos directos, especialmente en áreas como o mantemento urbano, a limpeza, o saneamento e os servizos sociais, considerados esenciais para o funcionamento diario do municipio. Máis alá das cifras, o que se pon de manifesto é un modelo de concello no que a atención social, o mantemento das infraestruturas e a calidade dos servizos municipais seguen a ser prioritarios. A alcaldesa, Marisol Morandeira, resume esta visión ao destacar o obxectivo de seguir construíndo “un municipio no que os servizos públicos son a prioridade”, reforzando ao mesmo tempo a proximidade coa veciñanza e a capacidade de resposta do Concello.



Votación dos orzamentos do ano 2026 no pleno municipal



Distintos traballos realizados con medios propios



Posta en marcha de depuradora e sistema de saneamento do Mesón da Cabra